

Informe resumen de actuacións

Programa icoopera

marzo 2016



icoopera
impulso I+D+i e TIC



Este programa foi promovido e financiado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria e pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo (FSE).



Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA

Autores:

SERVIGUIDE CONSULTORÍA, S.L.
ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGOALIMENTARIAS - AGACA

Coordinación:

Subdirección Xeral de Economía Social

Edita:

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Subdirección Xeral de Economía Social

© Xunta de Galicia. 2016

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<https://libraria.xunta.gal/gl/informe-resumo-de-actuacions-programa-icoopera-marzo-2016>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguale 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es_ES





ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	4
2 PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA icoopera	6
3 DETALLE DAS ACTUACIÓNS	9
3.1 Divulgación, formación, dinamización e asesoramento permanente	9
3.1.1. Accións divulgativas de sensibilización e dinamización	9
3.1.2. Accións formativas en materia de I+D+i e TIC	14
3.1.3. Asesoramento técnico	19
3.1.4. Dinamización de redes de intercooperación	19
3.2. Apoio singularizado ao desenvolvemento de programas de I+D+i nas cooperativas galegas	27
3.3. Apoio singularizado ao desenvolvemento de programas de inmersión das cooperativas galegas nas TIC	29
3.4. Plataforma web de innovación e TIC	37
3.5. Estudos e publicacións en materia de I+D+i e TIC	42
3.6. Promoción do programa	45
3.6.1. Material promocional	45
3.6.2. Xornada de difusión de resultados	46
4 CRONOLOXÍA DOS TRABALLOS REALIZADOS	48



1 INTRODUCCIÓN

As sociedades cooperativas, como verdadeiras institucións socioeconómicas, fan fronte ás constantes transformacións que, de forma progresiva, se producen no mundo actual.

Os cambios tecnolóxicos, económicos e na organización de traballo que dan especial protagonismo ás pequenas e medianas empresas, abren ás cooperativas amplas expectativas para a súa expansión, pero é preciso que leven a cabo un proceso de mellora da súa competitividade e fortalecemento interno.

Os coñecementos quedan obsoletos cada vez con maior rapidez, polo que a investigación, a innovación, a creatividade e a xestión do coñecemento son factores determinantes para a supervivencia das empresas, e as cooperativas non poden ser alleas a este proceso.

O Libro branco do cooperativismo galego xa sinalaba a necesidade de impulsar por medio das cooperativas de servizos a mellora na xestión empresarial, a obtención de vantaxes derivadas do “saber facer”, o deseño de políticas de calidade, o investimento conxunto en I+D+I e o acceso ás novas tecnoloxías.


Neste sentido, o Plan estratéxico para o cooperativismo recolleu, dentro das distintas liñas de actuación para a promoción e fomento do cooperativismo na comunidade autónoma, o impulso, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación no sector cooperativo, favorecendo a creación de proxectos de cooperación, o desenvolvemento de proxectos comúns, o intercambio de experiencias e fomentando a transferencia de coñecementos tanto no seo da cooperativa como a través das relacións con outros axentes do Sistema Galego de Innovación.

Por outra banda, unha adecuada estratexia nesta materia require un adecuado emprego das tecnoloxías da información e das comunicacións que actualmente están á disposición dos cidadáns e das empresas; a súa eficaz



utilización convértese nunha ferramenta de primeira orde para potenciar a competitividade das cooperativas e complementar adecuadamente a súa aposta pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

Neste contexto xorde o **Programa icoopera**, iniciativa impulsada pola que hoxe é Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego, para potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións na contorna das cooperativas galegas. Esta edición do programa desenvolveuse desde novembro de 2014 ata febreiro de 2016.





2 PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA icoopera

O obxecto do Programa icoopera foi a prestación de servizos de consultoría para a realización de actividades de promoción do cooperativismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o impulso da I+D+i e a utilización intensiva das TIC. Foi cofinanciado polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia.

A continuación preséntase un resumo dos **principais resultados** obtidos ao longo do desenvolvemento do proxecto:

- **Accións divulgativas de sensibilización e dinamización.**

Programáronse **catro accións divulgativas** de sensibilización e dinamización de carácter presencial, en materia de I+D+i e TIC. A estas xornadas asistiron **99 participantes**, repartidos entre as diferentes convocatorias:

- Xornada 1: Santiago - MUPEGA - Data: 18/03/2015
- Xornada 2: Pontevedra - Pazo da Deputación - Data: 27/05/2015
- Xornada 3: Vigo - Edificio Xunta de Galicia - Data: 20/10/2015
- Xornada 4: Ourense - Pazo da Deputación - Data: 27/10/2015

- **Accións formativas en materia de I+D+i.**

Elaborouse documentación, docencia en liña e xornada presencial de **catro accións formativas** específicas en materia de I+D+i, de carácter mixto (20 horas en modalidade virtual e 5 horas presenciais). Nestes cursos recibíronse un total de **80 inscricións**, das cales un **48,75%** superou con éxito o curso no que estaba apuntado. As accións foron as seguintes:

- Curso “Vixilancia estratéxica”
- Curso “Creatividade”
- Curso “Xestión de proxectos de I+D+i”
- Curso “Estratexias de innovación e comercialización de resultados de I+D+i”



- **Accións formativas en materia TIC.**

Tamén se desenvolveron **catro accións formativas** específicas en materia de TIC, de carácter mixto (20 horas en modalidade virtual e 5 horas presenciais). Nas accións formativas en materia de TIC acadáronse **128 inscricións**, das cales un 47,66% superou con éxito o curso correspondente. As accións foron:

- Curso: “Presenza en internet e uso básico das TIC”
- Curso: “Marketing dixital e redes sociais”
- Curso: “Comercio electrónico”
- Curso: “Ferramentas TIC para a xestión avanzada dunha cooperativa”

- **Dinamización de redes de intercooperación.**

O equipo do proxecto traballou na dinamización de **5 redes** de intercooperación, ás que asistiron un total de **83 persoas interesadas**, realizando xuntanzas entre **43 cooperativas e persoas expertas** nas temáticas seguintes:

- “Xestión da canle comercial nas cooperativas”
- “A mellora da loxística no transporte”
- “Valorización de residuos agrarios”
- “Eficiencia enerxética”
- “As TIC na educación: e, agora, que?”

- **Desenvolvemento de programas de I+D+i**

Ofreceuse apoio individualizado ao desenvolvemento de programas de I+D+i nas cooperativas galegas que amosaron interese por sacar adiante novos produtos e servizos, a través do acompañamento e titorización de **10 proxectos** de innovación, que se presentaron a diferentes convocatorias de axudas públicas:

- Proxecto “ECOVIN” - EIDOSELA, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “RATIÑO” - VIÑA MORAIMA, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “GALILACTO” - FEIRACO, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “HUMIDIMETROS_RF” - STRELIA, S. COOP. GALEGA
- Proxecto “CARAVEL” - AGROFLOR, S. COOP. GALEGA



- Proxecto “OPTIFAB” - TERRAS DA MARIÑA, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “PEMENTO” - SANTA MARÍA DE O VAL, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “CORDEIRO” - VÉLARO, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “FABAS” - TERRAS DA MARIÑA, S.COOP. GALEGA
- Proxecto “CASTIÑEIRO” - AMARELANTE, S.COOP. GALEGA

- **Desenvolvemento de programas de inmersión nas TIC**

O eixo central das actuacións foi o desenvolvemento de programas de inmersión das cooperativas galegas nas TIC, a través do contacto e asistencia a **94 organizacións**, entre as que se executaron:

- **50 itinerarios básicos**, incluíndo facilitar a presenza en internet e redes sociais, revisión da imaxe corporativa e mesmo creación da web da cooperativa.
- **44 itinerarios avanzados**, para a creación dunha tenda virtual no portal e-coopmercio, o apoio na selección dun sistema de xestión ou o deseño de campañas de marketing en internet.

- **Plataforma web de innovación e TIC**

Púxose en marcha do novo sitio web de innovación e TIC baixo o dominio www.innovacioncooperativas.coop. Neste espazo web ofreceuse información e asistencia sobre o proxecto e serviu como plataforma de formación e difusión.

- **Estudos e publicacións en materia de I+D+i e TIC**

Elaboración dunha **guía divulgativa en materia de I+D+i e TIC**. O documento pode ser descargado no enlace:

<https://libreria.xunta.gal/gl/idi-e-tic-nas-cooperativas-galegas-guia-de-recomendacions>

- **Promoción do programa**

Creación da imaxe corporativa do proxecto e outro material promocional, así como organización de dunha **xornada de presentación e difusión de resultados** como peche do servizo.



3 DETALLE DAS ACTUACIÓNS


As actividades propostas estaban dirixidas e enfocadas fundamentalmente a cooperativistas e ao persoal técnico e xestor de cooperativas, e incluían servizos de información, formación, titorización en proxectos de I+D+i e melloras en TIC, dinamización das redes de intercooperación e servizos de divulgación e difusión.

Nos seguintes apartados descríbense máis en detalle as actuacións desenvolvidas durante a presente edición do programa icoopera.

3.1 Divulgación, formación, dinamización e asesoramento permanente

Traballos de divulgación, formación dinamización de redes de intercooperación e asesoramento técnico permanente en materia de I+D+i e TIC dirixidas a cooperativistas, e ao persoal técnico e xestor de cooperativas.

3.1.1. Accións divulgativas de sensibilización e dinamización



Ao longo do proxecto icoopera, realizáronse catro accións divulgativas en materia de I+D+i e TIC, de carácter presencial e dirixidas a xestores e cooperativistas. O obxectivo fundamental destas xornadas foi a sensibilización na importancia da actividade innovadora e do uso das tecnoloxías da información e da comunicación como motor de negocio.



Coa idea de cubrir todo o territorio da Comunidade Autónoma galega, as catro accións divulgativas realizáronse ns catro provincias galegas. En concreto, estas realizáronse en Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e Ourense.

<i>Accións divulgativas realizadas</i>		
Data	Lugar	Relatores
Mércores 18/03/2015	Santiago de Compostela Museo Pedagóxico de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> - Carmen Bouso Montero, Directora Xeral de Traballo e Economía Social. - Fernando Simón, de Pulponor, S. Coop. Galega. - José Manuel Parada, de O Canto da Balea, S. Coop. Galega. - Carlos Fontal, de Delagro, S. Coop.
Mércores 27/05/2015	Pontevedra Pazo da deputación	<ul style="list-style-type: none"> - Higinio Mougán Bouzón, do equipo do proxecto icoopera. - Alba Paz Boubeta, Subdirectora Xeral de Cooperativas e Economía Social. - Jorge Lafuente, experto en TIC.
Martes 20/10/2015	Vigo Edificio da Xunta de Galicia <i>Xornada práctica</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Emilio Martínez, de Serviguide. - Daniel Lorenzo, de SICOM, S.L..
Martes 27/10/2015	Ourense Pazo da Deputación	<ul style="list-style-type: none"> - Higinio Mougán Bouzón, do equipo do proxecto icoopera. - Alba Paz Boubeta, Subdirectora Xeral de Cooperativas e Economía Social. - Beatriz Monfort, de TECNOPOLE - Jorge Lafuente, experto en TIC.

Os relatorios foron ofrecidos polo persoal técnico do proxecto icoopera, encargado da elaboración de todo o material preciso. Á presentación das xornadas foron invitados representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como promotora dos eventos. Para completar a oferta de relatores, solicitouse a colaboración de expertos externos que achegaran a súa visión complementaria sobre temas específicos de innovación e TIC.

O mércores 18 de marzo, celebrouse a primeira xornada do proxecto icoopera no Museo Pedagóxico de Galicia, co fin de dar asesoramento, acompañamento



e orientación ás pequenas e medianas cooperativas en materia de I+D+i e tecnoloxías da información.

Ao longo da mañá, que comezou coa apertura de Carmen Bouso Montero, Directora Xeral de Traballo e Economía Social, as persoas asistentes puideron coñecer en que consistía o programa e cales eran os servizos que ofertaba. Tamén tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man tres casos de éxito de cooperativas galegas na aplicación da I+D+i e as TIC. Así, Fernando Simón, de Pulponor, S. Coop. Galega, e José Manuel Parada, de O Canto da Balea, S. Coop. Galega, falaron do papel fundamental que ten a innovación nas súas cooperativas. Por outra banda, Carlos Fontal, de Delagro, S. Coop, deu a coñecer a súa experiencia de como as TICs funcionan como motor de desenvolvemento.





O mércores 27 de maio, celebrouse a segunda xornada do proxecto icoopera no Salón de Actos do Edificio Administrativo do Pazo da Deputación de Pontevedra. Comezou coa apertura de Alba Paz Boubeta, Subdirectora Xeral de Cooperativas e Economía Social, e presentada por Higinio Mougán Bouzón, do equipo do proxecto icoopera, e os asistentes puideron coñecer en que consistiu o programa e cales eran os servizos que ofertaba.

O equipo do proxecto icoopera tamén lles amosou aos asistentes cales eran a principais convocatorias de axudas públicas á innovación das que se poden beneficiar. Para rematar, Jorge Lafuente, experto en TIC, amosou de xeito didáctico como realizar un aproveitamento das TIC nas cooperativas de xeito que actúen como motor de desenvolvemento.



O martes 20 de outubro, celebrouse a terceira xornada do proxecto icoopera, no Edificio da Xunta de Galicia en Vigo. Ao ser unha xornada fundamentalmente práctica, planificouse unha primeira presentación na que se traballou a innovación dende o modelo de negocio.

Emilio Martínez, de SERVIGUIDE, presentou o enfoque cara a estratexia do “Océano Azul”, ferramentas para facilitar que os nosos produtos e servizos encaixen coas necesidades dos usuarios e metodoloxías para desenvolver un modelo de negocio de éxito. Na segunda presentación, Daniel Lorenzo, de



SICOM, deu a coñecer a súa experiencia como profesional das TIC e o marketing dixital, amosando as claves para guiar as empresas na súa transformación cara o mundo dixital.



O martes 27 de outubro, celebrouse a cuarta xornada do proxecto icoopera na Sala Central do Centro Cultural Marcos Valcárcel (Deputación de Ourense). Comezou coa apertura de Alba Paz Boubeta, presentada por Higinio Mougán Bouzón. O equipo do proxecto icoopera amosoulles ás persoas asistentes cal era a situación das actuacións que se estaban a realizar nas cooperativas.

Beatriz Monfort, técnica de proxectos, explicou como lles pode axudar o Parque Tecnolóxico de Galicia, SA ás cooperativas galegas á hora de iniciar actividades en innovación. Para rematar, Jorge Lafuente, experto en TIC, amosou de xeito moi didáctico como mellorar a posición das cooperativas no mercado e na sociedade a través TIC.





3.1.2. Accións formativas en materia de I+D+i e TIC

Para a realización de accións formativas específicas en materia de I+D+i, programáronse catro actividades de carácter mixto (20h teleformación + 5h presenciais), coa pretensión de proporcionar ao persoal xestor, directivo e profesional das organizacións cooperativas un conxunto de coñecementos, ferramentas e pautas metodolóxicas que, complementados co estudo de casos de éxito, lles permitirán deseñar a estratexia de innovación nas súas empresas e levar a cabo a xestión da I+D+i nas súas respectivas organizacións.

Accións formativas en materia de I+D+i de carácter mixto		
Curso	Duración	Obxectivos
<p>CURSO VIXILANCIA ESTRATÉXICA</p>	<p>Desde 04/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as claves para a implantación dun sistema de vixilancia tecnolóxica nunha organización. - Aplicación de ferramentas para a implantación da vixilancia tecnolóxica.
<p>CURSO CREATIVIDADE NO DESEÑO DE NOVOS PRODUCTOS E SERVIZOS</p>	<p>Desde 05/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o potencial creativo enfocado á innovación de profesionais e equipos. - Adquirir os coñecementos base sobre a utilización dalgunhas das técnicas de creatividade aplicables á xeración de ideas de valor.
<p>CURSO XESTIÓN DE PROXECTOS DE I+D+i</p>	<p>Desde 09/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar entre os asistentes as boas prácticas e dinámicas necesarias para a correcta xestión dun proxecto de I+D+i. - Transmitir os coñecementos necesarios para a planificación e documentación adecuada dos seus proxectos.
<p>CURSO ESTRATEXIAS DE INNOVACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE RESULTADOS</p>	<p>Desde 11/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as estratexias de innovación ás que se pode enfrontar unha organización e os pasos principais para transformar unha idea nun produto de éxito no mercado. - Asegurar as posibilidades de posta en valor dos resultados da innovación cara á súa transferencia ao mercado.

Buscando incentivar a participación por parte dos e das cooperativistas, o alumnado que completou os catro cursos propostos ao longo do servizo (80h



teleformación + 20h presenciais), obtivo ademais un recoñecemento do equipo formador como **xestor de innovación**.

Tamén se programaron catro actividades formativas específicas en materia de TIC, para proporcionar un conxunto de coñecementos, ferramentas e pautas metodolóxicas facilitando a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación nas organizacións.

Accións formativas en materia de TIC de carácter mixto		
Curso	Duración	Obxectivos
 <p>CURSO PRESENZA EN INTERNET E USO BÁSICO DAS TIC</p>	<p>Desde 04/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar o proceso xeral para adquirir a presenza na internet. - Pautas para a xeración de contidos de interese, a imaxe corporativa, necesidades de comunicación e mensaxe que se desexa proxectar cara o exterior. - Coñecer as ferramentas básicas para o eficiente aproveitamento de internet na organización.
 <p>CURSO MARKETING DIXITAL E REDES SOCIAIS</p>	<p>Desde 05/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Integrar internet nos plans de comunicación da organización para comunicar con éxito os seus produtos ou servizos. - Coñecer as principais técnicas para xestionar eficazmente as relacións e a presenza nas principais redes sociais. - Visibilidade en internet e promoción on-line.
 <p>CURSO COMERCIO ELECTRÓNICO</p>	<p>Desde 10/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecementos e ferramentas xerais para a adopción do comercio electrónico dentro da organización. - Identificación e posta en marcha dos elementos básicos na estrutura e funcionamento dun servizo de comercio electrónico.
 <p>CURSO FERRAMENTAS TIC PARA A XESTIÓN AVANZADA DUNHA COOPERATIVA</p>	<p>Desde 11/2015 20hT+5hP</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as principais ferramentas TIC de software libre para apoiar a xestión e funcionamento das cooperativas.



De novo, para incentivar a participación dos e das cooperativistas, o alumnado que completou os catro cursos propostos (80h teleformación + 20h presenciais), obtivo ademais un recoñecemento do equipo formador como dinamizador TIC.

Estableceuse tamén un sistema de foros de axuda, específicos para cada curso, para facilitar o contacto entre alumnado e profesorado. As ofertas formativas estiveron abertas ao longo de toda a duración do proxecto para facilitar o seguimento dos cursos e a participación de novos alumnos durante o servizo.

Nas accións formativas desenvolvidas no marco do proxecto icoopera houbo un total de 208 inscricións, de 44 persoas participantes nos cursos, pertencentes a 37 cooperativas. A distribución das matrículas nas oito actividades propostas foi a seguinte:



Nas accións formativas en materia de I+D+i recibíronse un total de 80 solicitudes de inscrición, das cales un 48,75% completou con éxito o curso correspondente. Na táboa seguinte preséntase a desagregación de horas




formativas e participantes por cada unha das catro actividades propostas, coa porcentaxe de éxito correspondente para cada unha delas.

	Vixilancia	Creatividade	Proxectos	Estratexia
Horas teleformación	20	20	20	20
Horas presenciais	5	5	5	5
Alumnado	19	21	20	20
Superaron o curso	12	11	10	6
% éxito	63%	52%	50%	30%

A continuación preséntanse de xeito gráfico os datos anteriores relacionando o alumnado matriculado por actividade formativa en materia de I+D+i co número de participantes que superaron o curso correspondente.

Persoas matriculadas nas accións formativas en materia de I+D+i



Nas accións formativas en materia de TIC acadáronse as 128 solicitudes de inscrición, das cales un 47,66% superou con éxito o curso correspondente. Na táboa seguinte preséntase a desagregación de horas formativas e número de




participantes concreto por cada unha das catro actividades propostas, coa porcentaxe de éxito correspondente para cada unha delas.

	Presenza Internet	Marketing	eComercio	Ferramentas TIC
Horas teleformación	20	20	20	20
Horas presenciais	5	5	5	5
Alumnado	30	32	32	34
Superaron o curso	17	17	14	13
% éxito	57%	53%	44%	38%

A continuación preséntanse de xeito gráfico os datos anteriores relacionando o alumnado matriculados por actividade formativa en materia de TIC co número de participantes que superaron o curso correspondente.

Persoas matriculadas en accións formativas en materia de TIC



De entre todas as persoas matriculadas as que acadaron o recoñecemento de **xestores de innovación foron 6** e as que obtiveron o diploma de **dinamizador TIC foron 12**.



3.1.3. Asesoramento técnico

Ao longo do desenvolvemento do proxecto, estableceuse un mecanismo para o asesoramento técnico permanente ás cooperativas en todos os aspectos relacionados coa xestión de proxectos, a utilización das TIC e temas afíns, así como en cuestións relacionadas con convocatorias de axudas para proxectos e fiscalidade da I+D+i.

Para tal fin, puxéronse a disposición das persoas usuarias teléfonos de contacto, ademais dun enderezo de correo electrónico (info@innovacioncooperativas.coop), para facilitar as súas consultas ao persoal técnico encargado do servizo.

Ademais estableceuse unha canle de comunicación a través dun formulario de contacto incluído na páxina web do proxecto (<http://www.innovacioncooperativas.coop/contacto/>) e un foro aberto para intercambio de experiencias na inmersión TIC, así como para o seguimento de cuestións e FAQs relacionadas coa prestación do servizo.

3.1.4. Dinamización de redes de intercooperación

Unha rede de intercooperación é un conxunto de cooperativas que traballan conxuntamente para obter uns determinados resultados compartidos. O equipo do proxecto traballou na dinamización de 5 redes de intercooperación, ás que asistiron un total de 83 persoas interesadas, realizando xuntanzas entre 43 cooperativas e expertos nas temáticas seguintes:

<i>Dinamización de redes de intercooperación</i>		
Rede	Participantes	Obxectivos
“Xestión da canle comercial nas cooperativas”	Cooperativas de horta fresca e especialistas en xestión de canles comerciais.	- Analizar os problemas das cooperativas participantes nas súas estratexias innovadoras na xestión comercial.
“A mellora da loxística no transporte”	Cooperativas, fábricas de pensos, industrias lácteas, transportistas e profesores da USC	- Compartir experiencias e buscar modos de mellorar a loxística de traslado de mercadorías e produtos.



<p>“Valorización de residuos agrarios”</p>	<p>Cooperativas gandeiras e expertos do CIAM</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Análise e posta en común dos problemas, necesidades e oportunidades das cooperativas agrarias e gandeiras no tratamento de residuos.
<p>“Eficiencia Enerxética”</p>	<p>Cooperativas de traballo asociado, cooperativas agrarias, expertos EnergyLab e Gaélica Solar</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar as posibilidades da enerxía fotovoltaica a través de diferentes iniciativas e o aproveitamento enerxético dos xurros.
<p>“As TIC na educación: e, agora, que?”</p>	<p>Cooperativas de ensino e expertos en TIC</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Debater sobre as necesidades e oportunidades das cooperativas de ensino no ámbito das TIC.

A colaboración do persoal técnico do servizo icoopera encamiñouse a dotar estes grupos de traballo ou redes de intercooperación, das ferramentas necesarias para a dinamización das súas actividades, así como potenciar a adopción das TIC. Coa finalidade de pór en práctica a dinamización destas redes de intercooperación, realizáronse as xornadas que se describen a continuación.

A primeira reunión tivo lugar o venres 24 de abril de 2015, traballando coa rede de intercooperación “**Xestión da canle comercial nas cooperativas**”. O obxectivo desta rede é analizar as problemáticas das cooperativas participantes nas súas estratexias innovadoras na xestión comercial. As cooperativas participantes nesta xornada pertencen ao sector agroalimentario e comercializan os seus produtos de horta frescos.





Un dos temas principais da reunión foi o comercio electrónico como canle de comercialización: Business to Consumer (B2C), Business to Business (B2B). Tamén se falou de sistemas de distribución a través de plataformas de comercialización e a esixencia de procedementos e calidades. As conclusións máis salientables da xornada foron as seguintes:

- » Ao longo de todo o proceso de comercialización hortofrutícola figuran toda unha serie de innovacións que na maior parte dos casos veñen demandadas polos mercados e os consumidores, e noutras significan propostas da produción, da distribución e incluso do transporte.
- » A competencia interna e externa obriga as cooperativas continuamente a innovar en gama de produtos, métodos e técnicas de cultivo, elementos de manipulación e almacenaxe, formas de presentar o produto, melloras na carga e descarga, etc.
- » En relación coas TIC, no ámbito comercial, as cooperativas veñen facendo uso da información procedente de diversas fontes relevantes, así como de distintas ferramentas especializadas na súa recollida, creación, administración e comunicación, considerándose esenciais para a eficiencia e eficacia de calquera canle de comercialización.
- » A aplicabilidade do comercio electrónico en distintos ámbitos, algúns tan diversos como o comercio entre empresas (B2B) e tamén o que se realiza entre empresas e os seus consumidores finais (B2C). Para completar o proceso do comercio electrónico, necesítase recollida de información do mercado, aprovisionamento, almacenamento, pagamentos e servizo posvenda. As TIC permiten a obtención dun maior volume de información en termos máis precisos e exactos, o que fai posible que as cooperativas ofrezan produtos cun maior grao de adaptación ás características dos compradores, e non só a través de establecementos físicos.
- » As TIC non só están revolucionando a maneira de organizar e coordinar a comercialización, reducindo os custos e xerando novos produtos e servizos, senón que, ademais, levan a redefinir os límites dos mercados, modificar as normas básicas da competencia, reformular o alcance das actividades comerciais e proporcionar un novo conxunto de armas competitivas.



A segunda reunión foi o 10 de decembro de 2015 en Santiago de Compostela, traballando na “Mellora da loxística no transporte”. Tratouse a mellora na loxística do sector alimentario, cuestión moi solicitada por todas as cooperativas adheridas ao programa icoopera. Participaron representantes de cooperativas agroalimentarias galegas de horta, leite, insumos agrarios, das catro provincias galegas; de cooperativas de transporte, representadas por UCOGATRA (Unión de Cooperativas Galegas de Transporte), e da Escola Politécnica Superior de Lugo pertencente á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Facultade de Informática da Universidade da Coruña (UDC).



Tras comezar presentando o proxecto e, especificamente, o concepto de rede de intercooperación e os obxectivos que persegue, os profesores universitarios Carlos Amiama e Luisa Carpenle, o investigador José Ramón Lozada e o informático Xoán Carlos López expuxeron os estudos e proxectos realizados ata o momento sobre o aforro de custes en loxística, no que tamén participara algunha cooperativa agroalimentaria. As conclusións ás que se chegaron foron:

- » As TIC son fundamentais no proceso de maximización dos sistemas e rutas loxísticas.
- » Existen aplicacións xeneralistas á disposición do público en xeral que poden non ser as máis eficientes para mellorar a eficiencia das rutas



loxísticas, polo que se fai necesario investir en aplicacións (apps) específicas.

- » Os motivos que fan necesarias estas apps específicas son, por un lado, as localizacións das explotacións agrarias (os seus accesos, ás veces, son simplemente pistas sen asfaltar, non hai indicacións cartográficas etc.) e, por outro, as características dos propios camiós (dimensións: vehículos articulados, altura, anchura, peso, etc.).
- » Foros deste tipo son necesarios para establecer relacións de intercooperación entre cooperativas de diversos sectores e ámbitos (coma, neste caso, agroalimentarias e de transporte), así como con institucións que poden achegar coñecemento investigador, tales coma as universidades e os centros tecnolóxicos.

A seguinte reunión realizouse o 1 de febreiro do 2016 no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) na Coruña, traballando coa rede de **“Valorización de Residuos Agrarios”**. A xornada centrouse no complexo problema dos residuos agrarios, tratando temas de interese común tales como a optimización do dimensionamento de fosas para conseguir un aforro de gastos de fertilización, e a xestión de efluentes, augas pluviais e xurro.





A xornada reuniu nun mesmo foro a persoas pertencentes a cooperativas de traballo asociado, cooperativas agroalimentarias, enxeñeiros agrónomos e membros do CIAM, todos eles moi interesados en establecer relacións e compartir know how que ofrezca alternativas de solución. As conclusións principais da reunión foron as seguintes:

- » A innovación pasa por transformar unha explotación convencional, tradicional, que usa fertilizantes químicos, nunha explotación sustentable e responsable co medio ambiente. A I+D+i faise necesaria e require de traballo conxunto: granxas piloto, expertos agrónomos, centros de investigación e cooperativas. É un traballo en rede.
- » A eficiencia en custes tamén virá da man da I+D+i.
- » Outro reto para a I+D+i é que facer coas augas de limpeza da leitería, da sala de espera, da sala de muxido etc., o seu aproveitamento e canalización. O mesmo sucede cos efluentes dos silos e das fosas de xurro.
- » No CIAM, como se puido comprobar na visita que houbo a posteriori, están investigando cales son os métodos óptimos para acadar estes obxectivos.

O venres 5 de febreiro de 2016 levouse a cabo na sede de AGACA en Santiago de Compostela a reunión coa rede de intercooperación de **“Eficiencia enerxética”**. Na xornada participaron membros de cooperativas de traballo asociado, cooperativas agrarias, o Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (EnergyLab), e a empresa Gaélica Solar. Os principais temas expostos trataron as seguintes cuestións:

- » O aproveitamento da enerxía xerada a partir do biogás producido polos residuos agrogandeiros, co que se podería cubrir parte da demanda da mobilidade agraria.
- » Os proxectos de I+D+i desenvolvidos por Gaélica Solar ao longo da súa traxectoria, sempre vinculados ao sector primario e contando con cooperativas como principais aliados.
- » O aproveitamento da luz solar, coas súas diferentes, variadas e múltiples utilidades aplicables ao sector agrogandeiro.



As conclusións acadadas durante a celebración da xornada foron:

- » É necesario que centros tecnolóxicos como Energylab e o sector cooperativo traballen en conxunto, formando unha rede de intercooperación dinámica e produtiva.
- » Energylab pretende poñer en marcha proxectos piloto de transformación de metano en biogás coa colaboración das cooperativas e das súas ganderías.
- » As cooperativas viron factibles varias colaboracións con Gaélica Solar no eido do uso da luz solar, sobre todo no que respecta á calefacción de invernadoiros e limpeza e desinfección de granxas.

A última reunión estivo relacionada coa dinamización de redes de intercooperación, e celebrouse o 11 de febreiro de 2016 no Colexio Possumus en Vigo, traballando coa rede de “As TIC na educación: e, agora, que?”. Na xornada participaron socios de cooperativas de ensino e expertos en TIC.

Durante a xornada analizouse a situación actual das TIC na educación, da formación ao profesorado e dos perigos da rede para as persoas menores de idade. Tratáronse tamén temas como a propiedade intelectual, a aprendizaxe por proxecto, o pensamento computacional e as posibilidades de



incorporación das tecnoloxías nas aulas. Entre as principais conclusións acadadas durante a reunión destacan:

- » A vía óptima para a aprendizaxe das novas tecnoloxías é a da “aprendizaxe xogando coas TIC” e os mestres e mestras deberían estar inmersos nun continuo proceso de formación. Tamén é importante a preparación dos pais e nais do alumnado, para que sexan conscientes do que estes van aprender.
- » É necesario que expertos en TIC como os desta xornada e o sector das cooperativas de ensino traballen en conxunto, formando unha rede de intercooperación dinámica e produtiva, que perdure no tempo.
- » Produciuse un intercambio de contactos, porque os participantes consideran que é necesario celebrar máis eventos deste estilo cos pais e nais do alumnado, así como outras nas que se formulen dúbidas que poidan iralles xurdindo aos mestres e mestras no seu día a día coas tecnoloxías da información e da comunicación.





3.2. Apoio singularizado ao desenvolvemento de programas de I+D+i nas cooperativas galegas

O servizo estableceu como obxectivo o lanzamento de dez proxectos de innovación xurdidos dos integrantes das cooperativas galegas. O traballo que había que realizar pasaría por:

- » Apoio aos integrantes na elaboración de propostas de proxectos.
- » Procura e selección das convocatorias públicas de financiamento, adecuadas á natureza dos proxectos.
- » De ser o caso, asistencia na formalización de solicitudes para as convocatorias públicas seleccionadas e seguimento ata a súa resolución.

A partir da información identificada nas entrevistas presenciais coas cooperativas adheridas ao servizo, realizouse a formulación dos seguintes proxectos de I+D+i:

Cooperativa Líder	Acrónimo	Título	Socios / Colaboradores
Eidosela, S. Coop. Galega	ECOVIN	Ecoeficiencia na produción de viño nunha cooperativa vitivinícola: redución da pegada de carbono	Eidosela, S. Coop. Galega
			EVEGA
			Universidade de Santiago de Compostela
Viña Moraima, S.Coop. Galega	RATIÑO	Caracterización da variedade de uva galega ratiño e proceso piloto de vinificación experimental	Viña Moraima, S. Coop. Galega
			Misión Biolóxica de Galicia
Feiraco, S. Coop. Galega	GALILACTO	Desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido a partir de leite mellorado	Feiraco, S. Coop. Galega
			Irmandiños, S. Coop. Galega
			Melisanto, S. Coop. Galega
			Agris, S. Coop. Galega
			Acolat, S. Coop. Galega
			USC-APLTA
Strelia Electrotecnia, S. Coop. Galega	HUMIDIMETROS_RF	Electrónica para a industria agroalimentaria, madeireira e biotecnolóxica	Strelia Electrotecnia, S. Coop. Galega



Agroflor, S. Coop. Galega	CARAVEL	Estudo para o óptimo cultivo de caraveis en maceta	Agroflor, S. Coop. Galega
			Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
Terras da Mariña, S.Coop. Galega	OPTIFAB	Optimización e desenvolvemento dun prototipo de máquina peladora de fabas	Terras da Mariña, S.Coop. Galega
			Universidade de Santiago de Compostela
Santa María do Val, S.Coop. Galega	PEMENTO	Mellora dos sistemas de produción e envasado do pemento do Couto	Santa María do Val, S.Coop. Galega
			Universidade de Santiago de Compostela
Vélaro, S.Coop. Galega	CORDEIRO	Estudo da análise de ciclo de vida e a caracterización da carne de cordeiro e dos modelos produtivos galegos	Vélaro, S. Coop. Galega
			Centro Tecnolóxico da Carne
Terras da Mariña, S.Coop. Galega	FABAS	Mellora da produción e da competitividade da faba de Lourenzá	Terras da Mariña, S. Coop. Galega
			Universidade de Santiago de Compostela
Amarelante, S.Coop. Galega	CASTIÑEIROS	Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiros	Amarelante, S.Coop. Galega
			Auriensis Selectum

Estes proxectos foron presentados a convocatorias públicas de axudas como “Accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal”, “CDTI INTERCONECTA 2015”, “CDTI NEOTEC 2015” ou “Creación de grupos operativos de innovación da AEI en materia de produtividade e sustentabilidade, agrícola e forestal”.



3.3. Apoio singularizado ao desenvolvemento de programas de inmersión das cooperativas galegas nas TIC

Durante o servizo acadouse o obxectivo de acompañamento e titorización de 94 cooperativas. A continuación, móstrase o listado de cooperativas adheridas ao programa:

Cooperativa	Clase	Provincia
A CARQUEIXA, S.COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Lugo
ABEIRO SOCIAL, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
ACR Asesores, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
ADEGAS E VIÑEDOS PACO & LOLA	Cooperativa agraria	Pontevedra
ADS GESTIÓN, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Lugo
AGRIS, S. COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Lugo
AGROFLOR, S. COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	A Coruña
AILALELO DESEÑO GRÁFICO, S.COOP.GALEGA	Traballo asociado	Lugo
ALGALIA, S.COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
AMARELANTE, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Ourense
AMEGROVE, S.COOP. GALEGA	Traballo asociado	A Coruña
ANACOS DE VIDRO, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
APOIO, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Ourense
ARDORA FORMACIÓN Y SERVICIOS, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
ARTESÁNS DA PESCA, S.COOP. GALEGA	Cooperativa do mar	A Coruña
ASITECNO, S.COOP.GALLEGA	Traballo asociado	A Coruña
BARQUITO VELERO, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
BICO DE GRAO, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Lugo
BIOCOOP, S. COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Ourense
CAMPO DE PÁRAMO, S. COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Lugo
CARPINTERÍA EBANISTERÍA CAMPOLONGO, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	A Coruña
CENTRO DEPORTIVO FIT SPORT, S. COOP. GALEGA	Traballo asociado	Pontevedra
COAFOR, S.COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Pontevedra
COAFOR, S.COOP. GALEGA	Cooperativa agraria	Pontevedra
